

Pola parte social: por UGT: Concepción López Caride. Por CC.OO.: José Gómez. Por FETICO: Concepción Rodríguez Salgado. Por USO: Modesto Amorín Fernández.

Iniciada a reunión, as partes acordan proceder á actualización dos conceptos económicos do convenio para o segundo ano e vixencia, conforme as condicións pactadas no artigo 10 do texto, que establece literalmente que: «Para 2005, o incremento salarial será a porcentaxe que resulte de sumar ao IPC real resultante o 31 de decembro de 2004 + 1%, unha vez que este sexa constatado polo INE. Este incremento tamén se aplicará sobre as axudas de custo e a gratificación de actividade».

Sendo o IPC real de 2004 o 3,2% procédese á actualización dos referidos conceptos no 4,2%, resultando as seguintes cantidades:

Artigo 12º.-Axudas de custo.

A contía destas será a seguinte:

-Axuda de custo completa: 34,58 euros.

-Xantar: 12,96 euros

-Cea: 8,64 euros.

-Almorzo: 2,60 euros.

Ou ben, mediante acordo coa empresa, utilizando o sistema de gastos para xustificar.

Artigo 20º.-Gratificación de actividade.

Todos os traballadores percibirán en concepto de gratificación de actividade a cantidade de 44,33 euros mensuais, aplicándose a citada cantidade en 12 mensualidades.

Táboa salarial 2005

Grupo	Categorías	Salario base	Salario anual
I.A)	Director	886,29 €	13.294,35 €
I.B)	Xefe de administración, xefe de vendas, xefe de compras	830,91 €	12.463,65 €
I.C)	Supervisor, coordinador xeral, xefe de centro.	775,48 €	11.632,20 €
II.A)	Xefe de almacén; xefe de supermercado; xefe de sección.	731,19 €	10.967,85 €
II.B)	Analista, responsable de expedición, recepcionista.	720,95 €	10.814,25 €
II.C)	Oficial administrativo, programador	697,94 €	10.469,10 €
III.A)	Mecánico, electricista, oficial de 1ª chofer, operador informática, capacitaz, viaxante	675,82 €	10.137,30 €
III.B)	Dependente, oficial de 2ª chofer, auxiliar de caixa repoñedor, auxiliar de caixa dependente, auxiliar de caixa, auxiliar de gravación, auxiliar administrativo, axudante mecánico, axudante electricista, peón de mantemento, mozo especializado:	642,57 €	9.638,55 €

Grupo	Categorías	Salario base	Salario anual
III.C)	Telefonista, mozo de repartición, mozo repoñedor; oficial de 3ª, axudante, persoal de limpeza	620,41 €	9.306,15 €

E sen máis puntos que tratar levántase a sesión cando son as 12.30 horas no mesmo lugar e día establecido ao inicio, levantándose para o efecto a presente acta, que en proba de conformidade asinan os presentes por sextuplicado exemplar.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG número 58, do 28 de marzo de 2005, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 5.065, punto 3.1.4.1., onde di: «Para o cómputo do dito máximo acumularanse as solicitudes de subvención presentadas por un mesmo solicitante nun período dun ano natural desde a primeira delas.»; debe dicir: «Para o cómputo do dito máximo acumularanse as solicitudes de subvención presentadas por un mesmo solicitante nun período dun ano contado desde a primeira delas.».

-Nas páxinas 5.072 e 5.073, punto 6.4.2.3.3 a), onde di: «..., se así o propuxese, de normativas de aseguramento da calidade (ISO 9000) e/ou ambiente (ISO 14000)...»; debe dicir: «..., se así o propuxese, de sistemas de aseguramento da calidade (ISO 9001, ISO 17025, Q de calidade turística, UNE 175001) e/ou ambiente (ISO 14000)...».

-Na páxina 5.074, punto 6.5.1.3, onde di: «... de sistemas destinados á implantación nunha PEME de sistemas de aseguramento da calidade (ISO 9000, ISO 17000, Q de calidade turística) e/ou ambiente (ISO 14000)»; debe dicir: «... de sistemas destinados á implantación nunha PEME de sistemas de aseguramento da calidade (ISO 9001, ISO 17025, Q de calidade turística, UNE 175001) e/ou ambiente (ISO 14000)».

-Na páxina 5.075, punto 6.7.1, onde di: «... e cubrindo a documentación establecida no anexo VIII segundo cada tipo de proxecto.»; debe dicir: «... e cubrindo por duplicado a documentación establecida no anexo VIII segundo cada tipo de proxecto.».

-Na páxina 5.076, elimínase o punto 6.7.11, pasando o punto 6.7.12 a ser o 6.7.11.

-Na páxina 5.092, substitúese o anexo VIII, modelo 1, polo que se une a esta corrección de erros.

ANEXO VIII (BASE 6ª)
MODELO 1

PROXECTOS DO PLAN DE CONSOLIDACIÓN E COMPETITIVIDADE DA PEME (BASE 6ª)

A) DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTARÁN AS EMPRESAS SOLICITANTES DAS AXUDAS.

Para cada solicitude deberá acompañar por duplicado a seguinte documentación que se presentará en orixinal ou copia cotexada.

- | | | |
|-----|--------------------------|---|
| 1 | ☐ | Formulario de solicitude do Plan de consolidación e mellora competitiva da PEME na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as follas específicas que figuran no anexo VI. |
| 2 | ☐ | Certificación da condición de PEME, segundo o anexo VIII modelo 2. |
| 3 | ☐ | Declaración expresa doutras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, cumprimento coas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e de non ter contraída débeda ningunha, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia. Segundo o modelo establecido no anexo VIII modelo 3. |
| 4 | | Memoria técnica e económica do proxecto: |
| 4.1 | ☐ | Título do proxecto. |
| 4.2 | ☐ | Descrición do proxecto e os seus obxectivos. |
| 4.3 | ☐ | Novidade e interese a nivel xeral e sectorial. |
| 4.4 | ☐ | Recursos humanos e técnicos da entidade, e experiencia dos promotores. |
| 4.5 | ☐ | Capacidade e experiencia das colaboracións externas participantes no proxecto. |
| 4.6 | ☐ | Impacto do proxecto en canto a previsións de creación de emprego. |
| 4.7 | ☐ | Etapas de realización e cronograma, etc. |
| 4.8 | ☐ | Orzamento detallado do proxecto por conceptos, actuacións e etapas (custos de colaboracións externas, investimentos, facturas proforma, contratos preliminares, etc.). |

B) DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTARÁN OS ORGANISMOS INTERMEDIOS SOLICITANTES DAS AXUDAS.

Para cada solicitude deberá acompañar por duplicado a seguinte documentación a presentar en orixinal ou copia cotexada.

- | | | |
|-----|--------------------------|---|
| 1 | ☐ | Formulario de solicitude do Plan de consolidación e mellora competitiva da PEME na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as follas específicas que figuran no anexo VII. |
| 2 | ☐ | Declaración expresa doutras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, cumprimento coas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e de non ter contraída débeda ningunha, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia. Segundo o modelo establecido no anexo VIII modelo 3. |
| 3 | | Memoria técnica e económica do proxecto: |
| 3.1 | ☐ | Título do proxecto. |
| 3.2 | ☐ | Descrición do proxecto e os seus obxectivos. |
| 3.3 | ☐ | Novidade e interese a nivel xeral e sectorial. |
| 3.4 | ☐ | Recursos humanos e técnicos da entidade e experiencia dos promotores. |
| 3.5 | ☐ | Capacidade e experiencia das colaboracións externas participantes no proxecto. |
| 3.6 | ☐ | Impacto do proxecto en canto á previsións de creación de emprego. |
| 3.7 | ☐ | Etapas de realización e cronograma, etc. |
| 3.8 | ☐ | Orzamento detallado do proxecto por conceptos, actuacións e etapas (custos de colaboracións externas, investimentos, facturas proforma, contratos preliminares, etc.). |
| 4 | | Para cada PEME beneficiaria indirecta, incluíranse, individualizadamente, os seguintes datos asinados por un representante da empresa*: |
| 4.1 | ☐ | Certificación da condición de PEME, segundo o modelo establecido no anexo VIII modelo 2. |
| 4.2 | ☐ | Declaración asinada da súa participación no proxecto e o alcance desta. |

(*) No caso de que o proxecto non teña determinadas as Pemes participantes, declararase o dito extremo, e as certificacións das Pemes participantes remitiranse coa xustificación do proxecto no caso de que resulte aprobado.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Corrección de erros.-Orde do 25 de maio de 2005 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002 de diversas categorías correspondentes aos grupos IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Advertidos erros na orde citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 102, do 30 de maio, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 9.306, no anexo II, na categoría 10F (peón forestal) do grupo V, na fase de resultados débese engadir:

DNI: 36078247X.

Apelidos e nome: Peniza Pereira, Miguel Ángel.
Código de posto: MAC991518036380009.
Centro directivo: servizos periféricos.
Centro destino: distrito ambiental: XVIII Vigo, baixo Miño.

Resolución do 1 de xuño de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 012 (mestre/a de taller) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso.

Na sesión que tivo lugar o día 30 de maio de 2005, o tribunal designado pola Orde do 3 de xuño de 2004 para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 012 (mestre/a de taller) e 084 (oficial 1ª calefactor/a) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado por Orde do 19 de decembro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 252, do 30 de decembro),

ACORDOU:

1. Publicar as puntuacións definitivas correspondentes á fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición da categoría 012 (mestre/a de taller), conforme o disposto á base II.1.6 da convocatoria e que figuran como anexo a esta resolución.

2. Aceptar parcialmente a alegación presentada por Mª del Pilar Paz Vidal e rectificar a puntuación outorgada a Mª del Pilar Paz Vidal no punto II.1.2 B) da Resolución do 22 de abril de 2005 (DOG nº 83, do 2 de maio), outorgándolle 0,90 puntos.

3. Desestimar as restantes alegacións.

4. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2005.

Ángel Bernardo Tahoces
Presidente do tribunal III-K

ANEXO

Categoría 012, grupo III, mestre/a de taller.
Promoción interna e cambio de categoría.

DNI	Apelidos e nome	Experiencia profesional (base II.1.1)				Formación profesional (base II.1.2)		Total
		Apdo. a)	Apdo. b)	Apdo. c)	Apdo. d)	Apdo. A)	Apdo. B)	
76357772A	Bestilleiro Louro, José Manuel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
32798579G	Deive Novo, Marcos	0,00	0,00	0,00	0,00	3,45	0,10	3,55

Acceso libre.

DNI	Apellidos	Nome	Puntuación						
			II.1.1				II.1.2		Total
			a)	b)	c)	d)	A)	B)	
35322126Z	Barciela Viéitez	Óscar	7,70	0,00	0,10	0,00	0,15	0,00	7,95
36068047E	Bueses Costas	María Pilar	0,00	1,20	0,00	0,00	7,50	0,00	8,70
33303563T	Méndez Díaz	Luis	7,70	0,00	0,00	0,00	7,50	0,00	15,20
76563125N	Paz Vidal	María del Pilar	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,90
34262768J	Sánchez Fernández	Mª Amparo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,10	0,00	0,10
33337847Z	Val Arias	Claudio Policarpio	0,00	0,70	0,00	0,00	2,45	0,00	3,15